

## AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, pola que se nomea o Tribunal de Selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (director/a de Profesionalización).*

A Resolución do 24 de outubro de 2023 (DOG núm. 208, do 2 de novembro) aproba as bases e convoca o proceso selectivo, correspondente á praza de director/a de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia.

De conformidade co establecido na cláusula sétima das bases que rexen o proceso selectivo convocado cómpre que a persoa titular da Axencia Turismo de Galicia, unha vez publicada na web da axencia (<https://www.turismo.gal/espazo-institucional>) a relación definitiva de aspirantes, nomee o tribunal de selección. Ao que lle serán de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do consello da xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia,

### RESOLVO:

Nomear como membros do tribunal de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (director/a de Profesionalización), as seguintes persoas:

– **Presidencia:**

Guillermo Carlos Otero Piñeiro-Maseda, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

– **Secretaría:**

Patricia García Antelo, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

– **Vogal:**

Marta Tobío Alonso, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Turismo de Galicia  
José Manuel Merelles Remy

